



1

As revolucións liberais e o liberalismo

Fermina Orduña. Inventora

Ao longo do período no que residín na cidade de Madrid, produciuse un crecemento importante da poboación debido ao éxodo rural. O meu nome é Fermina Orduña e fun a primeira muller que rexistrou unha patente en España.

No ano 1865, mentres se desenvolvía a última etapa do reinado de Isabel II, e co obxectivo de producir melloras na saúde pública, decidín solicitar a patente do meu invento, unha carruaxe para o transporte do gando leiteiro nas cidades. Este medio de transporte utilízase para poder abastecer a poboación de produtos lácteos en condicións óptimas para o seu consumo; ademais, cando o inventei pensei tamén no benestar animal.

O meu invento contribuíu a mellorar a saúde das persoas que viven nas grandes cidades, ao faceles chegar produtos frescos e de boa calidade. Durante o século XIX estase producindo un progresivo crecemento

demográfico en España grazas á modernización de sectores como o agrícola, o industrial ou o dos transportes, xunto coas melloras alimentarias e a prevención de enfermidades.

Para comprender mellor a crise do Antigo Réxime en España vas coñecer:

- A época da Restauración.
- A expansión do liberalismo e do nacionalismo en Europa.
- O reinado de Fernando VII. Absolutistas fronte a liberais.
- A consolidación liberal.
- A modernización económica: poboación, agricultura e industria.
- A sociedade de clases.
- A cultura e a arte romanticismo e Realismo.

PREGUNTAS E RESPOSTAS

- 1 Quen reinaba en España cando Fermina Orduña solicitou a patente do seu invento?
- 2 Que ámbito contribuíu a mellorar o invento de Fermina Orduña?

- 3  **Comprobamos.** En parellas ou en grupos, resolve as cuestións formuladas en cada un dos apartados da páxina da dereita. Para iso, podedes consultar a información contida na unidade.

1 A época da Restauración

A derrota definitiva de Napoleón abriu un novo período en Europa no que se intentou restaurar o absolutismo. Non obstante, acabaron impoñéndose o liberalismo e o nacionalismo, dúas novas ideoloxías xurdidas da Revolución Francesa.

1.1 A volta ao absolutismo

Entre 1814 e 1815, as potencias vencedoras de Napoleón (Reino Unido, Austria, Prusia e Rusia) reuníronse no chamado **Congreso de Viena**. Os seus obxectivos foron dous:

- A **restauración do Antigo Réxime**. Para iso, restableceron nos seus tronos aos monarcas depostos por Napoleón.
- A **reconstrución do mapa político de Europa**. Con ese fin, obrigaron a Francia a volver aos seus límites de 1791 e repartiron territorios. O trazado das novas fronteiras, non obstante, fíxose sen contar cos desexos dalgúns pobos, que quedaron así separados ou unidos contra a súa vontade.

En Viena tamén se acordou a convocatoria periódica de congresos, onde se tratarían diplomáticamente as posibles disputas entre países; e autorizouse a intervención das potencias en calquera país ameazado por unha revolución.

Por último, no ano 1815, creáronse dous grupos de alianzas para asegurar a orde establecida: a **Santa Alianza**, que estaba formada por Austria, Prusia e Rusia, á que logo se sumaron outros estados; e a **Cuádrupla Alianza**, que integraba a Austria, Prusia, Rusia e o Reino Unido.

1.2 As novas ideoloxías

A pesar dos intentos absolutistas, a Restauración non puido impedir a expansión por Europa de novas ideas e valores, representados polo liberalismo e o nacionalismo.

- O **liberalismo** defendía a liberdade individual, plasmada no recoñecemento de dereitos aos cidadáns; a igualdade ante a lei, suprimindo os privilexios; e a implantación de réximes constitucionais, baseados na soberanía nacional e a división de poderes.

A ideoloxía liberal estendeuse, sobre todo, entre os burgueses e as clases populares das grandes cidades.

- O **nacionalismo** sostiña que o marco fundamental da vida das persoas é a nación, ou comunidade con trazos propios derivados dunha historia, unha lingua ou unha cultura comúns. O seu obxectivo era que cada nación tivese o seu propio Estado (estado nación); e, polo tanto, reclamaba que as fronteiras das nacións coincidisen coas dos Estados.

A ideoloxía nacionalista estendeuse polos territorios sometidos a un poder estranxeiro, como Grecia; ou polos que aspiraban a formar un Estado unificado, caso de Italia e Alemaña.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar conceptos

- 1 Redacta unha frase incluíndo estes conceptos e explica cal era o obxectivo de cada unha destas actuacións: absolutismo, congresos, principio de intervención, Santa Alianza.

Comprender o tempo histórico

- 2 Le o documento de constitución da Santa Alianza e responde as seguintes preguntas:

- a) Os que eran os asinantes?
- b) A que «grandes acontecementos» se refire?
- c) Que se acordou no documento de constitución?

Manexar mapas

- 3 Observa o mapa de Europa en 1815 e responde:
 - a) Cal foi o obxectivo da reconstrución do mapa de Europa?
 - b) Que países realizaron anexións territoriais? Por que?

Expoñer argumentos

- 4 Compara a ideoloxía liberal co absolutismo. Previamente, pensa como facelo e cal é a técnica que vas empregar.




MAPA CONCEPTUAL

O Congreso de Viena e a Santa Alianza

O dereito de intervención

«(...) esténdese unicamente aos casos extremos nos cales, a causa de revolucións violentas, a orde pública se encontra tan quebrantada nun Estado que o goberno perde a forza (...). Neste estado de cousas, o dereito de intervención corresponde (...) a todo goberno exposto aos perigos de ser arrastrado por un torrente revolucionario».



Constitución da Santa Alianza (1815)

«En nome da moi Santa e indivisible Trindade.

As SS.MM. o Emperador de Austria, o Rei de Prusia e o Emperador de Rusia, como consecuencia dos grandes acontecementos que sinalaron Europa no curso dos tres últimos anos (...).

En consecuencia, as Sús Maxestades conviñeron os artigos seguintes:

Art. I. Conforme ás palabras das Santas Escrituras, que ordenan a todos os homes mirarse como irmáns, os tres monarcas contratantes permanecerán unidos polos lazos dunha verdadeira e indisoluble fraternidade e consideraranse como patriotas, prestaranse en toda ocasión e en todo lugar asistencia, axuda e socorro.

Art. II. En consecuencia, o único principio en vigor, xa sexa entre os gobernantes, xa sexa entre os súbditos, será o de prestarse reciprocamente servizo.

Feito, triplicado e asinado en París o ano de grazas de 1815, o 26 de setembro. Francisco, Federico-Guillherme e Alexandro».


O novo mapa político de Europa

Europa en 1815

Anexións de:

- Austria
- Dinamarca
- Prusia
- Suecia
- Reino de Piemonte-Sardegna
- Rusia
- Reino Unido
- Territorios controlados por Austria
- Unión de Bélxica, Luxemburgo e Holanda
- Estados da Santa Alianza
- Límites da Confederación Xermánica

0 250 500 1000 km



- a Lauemburgo
- b HANNOVER
- c SAXONIA
- d WÜRTTEMBERG
- e CONFEDERACIÓN HELVÉTICA
- f PRINCIPADO DE ANDORRA
- g Lombardía-Véneto
- h Parma
- i Módena
- j Xénova
- k LUCCA
- l Toscana
- m ESTADOS PONTIFICIOS

2 As revolucións liberais do século XIX

Na primeira metade do século XIX, a restauración do absolutismo e a extensión do liberalismo provocaron a aparición de novas ondas revolucionarias.

2.1 As revolucións de 1820 e 1830

- **As revolucións de 1820** centráronse na área mediterránea e en Rusia. Nelas tiveron un destacado papel os oficiais do exército e as sociedades secretas. Así, os liberais protagonizaron levantamentos antiabsolutistas en España, Portugal, Nápoles, Piemonte e Rusia. Inicialmente algúns monarcas tiveron que aceptar constitucións; pero, ao final, impúxose o absolutismo.
- **As revolucións de 1830** afectaron a case toda Europa, e levaron os liberais ao poder en moitos Estados. Iniciáronse en Francia, coa destitución de Carlos X e a implantación da monarquía constitucional de Luís Felipe de Orleans. Despois, a revolución estendeuse a Bélxica, que logrou a independencia de Holanda; e a España, Portugal, Polonia e diversos estados italianos e alemáns. Non obstante, unha vez conquistado o poder, o liberalismo limitou os dereitos e as liberdades e implantou o sufraxio censatario ou restrinxido, excluindo así aos grupos populares da política e do poder.

2.2 As revolucións de 1848

As revolucións de 1848 tiveron maior extensión e participación popular e foron máis radicais. Partiron de Francia, onde Luís Felipe se viu obrigado a abandonar o trono, proclamouse a Segunda República, e implantouse unha constitución que establecía o sufraxio universal masculino. A revolución afectou tamén a Prusia, Austria-Hungría, Suíza, a Confederación Xermánica e algúns estados italianos.

En todas elas, os revolucionarios levantaron barricadas nas rúas e esixiron máis dereitos, soberanía popular, sufraxio universal masculino e igualdade social. Estas esixencias asustaron á burguesía que reprimiu as revolucións e implantou un liberalismo conservador.

2.3 As consecuencias das revolucións

A pesar das súas limitacións, o balance das revolucións liberais foi positivo, pois consolidaron certas conquistas revolucionarias. Así, moitos países de Europa occidental adoptaron o liberalismo e dotáronse de constitucións escritas nas que se recoñecía o sufraxio censatario masculino. Francia mantivo o sufraxio universal masculino. E a servidume aboliuse en case todos os países de Europa centrais e orientais, agás Rusia.

A **burguesía** foi a gran triunfadora das revolucións liberais, e converteuse en conservadora e defensora da orde. Os **grupos populares**, en cambio, resultaron derrotados ao non conseguir transformacións políticas e sociais máis profundas. Pero tomaron conciencia de clase, e comezaron a organizarse para enfrontarse á burguesía e ao Estado liberal que contribuíran a crear.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Comprender o tempo histórico

- 1 Compara as tres ondas de revolucións liberais en canto a extensión e resultados.
- 2 Que papel desempeñaron os grupos burgueses e populares nas revolucións? Que resultados obtiveron da súa intervención?

Elaborar xuízos propios

- 3 Le o seguinte texto e contesta as cuestións.

«Non quixera prexudicar nin ofender ás clases laboriosas. (...) Pero entendendo que o patriotismo que dá o valor de morrer pola patria é distinto do que fai capaz de coñecer ben os seus intereses. Requírese, pois, outra condición, ademais do nacemento ou a maioría de idade. Esa condición é o ocio, indispensable á adquisición da cultura e o recto criterio. Só a propiedade fai os homes capacitados para o exercicio dos dereitos políticos». B. Constant. «Principios de política», 1815.

- a) De que tipo de sufraxio é partidario o autor? En que fragmento do texto te baseaches para contestar?
- b) Emite unha opinión persoal dando resposta a estes interrogantes: estás de acordo ou en desacordo co autor? Por que?

Manexar mapas


- 4 Analiza os mapas e resolve estas tarefas:
 - a) En que países tiveron lugar revolucións nas tres ondas revolucionarias?
 - b) Que novos Estados independentes xurdiron en Europa?

Consulta os
mapas históricos

DESTREZA

O ciclo revolucionario liberal

As revolucións de 1820. O exemplo de Rusia



En **Rusia**, o movemento revolucionario produciuse en decembro de 1825, tras a morte do tsar Alexandre I. Varias sociedades secretas liberais conspiraron para promover a coroación de Constantino en vez de Nicolás, irmán maior de Alexandre. O levantamento fracasou e foi reprimido brutalmente.

As revolucións de 1830. O exemplo de Francia



En **Francia**, Carlos X asinou en xullo de 1830 unhas ordenanzas que disolvían a Cámara de deputados e reducían o corpo electoral; é dicir, o número de persoas con dereito a voto.

Este feito provocou a insurrección do pobo de París e a abdicación de Carlos X. Finalmente, a burguesía impuxo unha constitución liberal.

As revolucións de 1848. O exemplo de Francia



En **Francia**, a revolución encheu París de barricadas. Luis Felipe de Orleans foi derrocado e proclamouse a II República, que estableceu unha constitución onde se recoñecía o sufraxio universal masculino. As eleccións posteriores deron a maioría aos conservadores, que aboliron as medidas anteriores e esmagaron a conseguinte rebelión obreira de París.

Os nacionalismos.

O nacemento de novos Estados

As ideas nacionalistas favoreceron algúns procesos de unificación. Foron os casos de Italia e de Alemaña, onde contribuíron á difusión das ideas de construción dun Estado liberal unitario. Tamén impulsaron o proceso de descomposición do imperio turco e o xurdimento de novos Estados.

3.1 A unificación de Italia (1859-1870)

O proceso de unificación foi dirixido polo reino de Piemonte-Sardegna. Os seus **protagonistas** foron o rei Vítor Manuel II e o seu primeiro ministro Cavour, que ganaron a confianza das correntes nacionalistas máis significativas; e o revolucionario Garibaldi. A unificación realizouse en varias **etapas**.

- Primeiro, **Vítor Manuel II** incorporou Lombardía ao reino de Piemonte-Sardegna, loitando contra Austria, e os ducados centrais de Italia. Mentres, **Garibaldi** conquistaba o reino de Dúas Sicilias, no sur, á fronte dun exército coñecido como «os mil camisas vermellas».
- Tras esta unificación parcial, proclamouse o **reino de Italia** (1861). Finalmente, a unidade completouse coa anexión de Venecia (1866) e a conquista dos Estados Pontificios (1870).

O **novo Estado** implantou un sistema político liberal baseado no sufraxio censatario.

3.2 A unificación de Alemaña (1864-1871)

Os **protagonistas** da unificación foron o reino de Prusia, rexido por Guillermo I, e o chanceler Bismarck. Ambos os dous propuxéronse unificar Alemaña sen incluír a Austria, o seu rival político.

O proceso de unificación levouse a cabo en dúas **etapas**. Primeiro, Prusia enfrontouse e derrotou a Austria en Sadowa (1866), o que permitiu unificar os estados alemáns do norte. Logo, enfrontouse e venceu a Francia en Sedán (1870), incorporando Alsacia e Lorena; e unificou os estados alemáns do sur. Iniciábase así o **II Reich** ou imperio alemán (1871).

O **novo Estado** adoptou unha constitución que establecía o sufraxio universal masculino e un sistema político federal, formado por estados con amplas competencias.

3.3 Os nacionalismos independentistas

Os movementos nacionalistas independentistas estendéronse polos países sometidos a un poder estranxeiro e aliáronse co liberalismo. Como resultado destes, produciuse a independencia da maioría das colonias españolas de **América Latina** (1825); a de **Grecia**, do imperio turco (1829); e a de **Bélxica**, do reino dos Países Baixos (1839). En cambio, Irlanda, anexionada a Inglaterra no século XVII, non logrou os seus obxectivos.

Nacionalismos e ideoloxía

Os nacionalismos non tiveron unha ideoloxía concreta. Aliáronse en cada caso coa ideoloxía que consideraban máis conveniente para conseguir os seus fins. Ata as revolucións de 1848, o nacionalismo aliouse co liberalismo. A partir dese momento, uniuse cos sectores máis conservadores para conseguir a unificación de Italia e Alemaña.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Utilizar a cronoloxía

- 1 Sitúa nun eixe cronolóxico os principais acontecementos das unificacións de Italia e de Alemaña.

Organizar información

- 2 Realiza un cadro comparativo das unificacións italiana e alemá.
Debe incluír estas entradas: situación previa, protagonistas, etapas, e sistema político implantado tras a unificación.

Os nacionalismos unificadores


Italia: escenarios e protagonistas




Antes da unificación, a **península italiana** estaba repartida entre sete estados, algúns deles baixo dominio estranxeiro. Os máis importantes eran o reino de Sardeña-Piemonte ao norte, os Estados Pontificios no centro e o reino das Dúas Sicilias ao sur. Ademais, a monarquía austríaca mantiña o seu control sobre outros territorios, como Lombardía, o Véneto, e os ducados de Toscana, Módena e Parma.



Alemaña: escenarios e protagonistas



Antes da unificación, **Alemaña** configurábase como unha confederación composta por multitude de pequenos estados soberanos. Entre eles destacaban Prusia e Austria.



Analizar fenómenos

3 Analiza a información da dobre páxina e responde estas preguntas: a) Que países europeos protagonizaron movementos nacionalistas independentistas? b) En que se diferenciaron dos nacionalismos unificadores?

Manexar mapas

4 Coa axuda dos mapas resolve estas cuestións: a) Cales eran e onde se localizaban os reinos que protagonizaron os procesos de unificación en Italia e en Alemaña? b) Por que houbo que loitar contra Austria para lograr as unificacións?

4 O reinado de Fernando VII. Absolutistas fronte a liberais

4.1 As etapas do reinado

En 1814, tras a guerra da Independencia, Fernando VII regresou a España, onde foi recibido con grandes manifestacións de xúbilo polo pobo. O seu reinado (1814-1833) pasou por tres etapas, marcadas polos enfrontamentos entre absolutistas e liberais.

- O **Sexenio Absolutista** (1814-1820). Fernando VII aboliu a Constitución de 1812, anulando así a obra das Cortes de Cádiz, e perseguíu os liberais. Algúns exiliáronse e outros trataron de alcanzar o poder mediante pronunciamentos ou golpes de Estado militares.
- O **Trienio Liberal** (1820-1823). En 1820 triunfou o pronunciamento do comandante Rafael de Riego en Cabezas de San Juan (Sevilla). Asustado, Fernando VII xurou a Constitución de Cádiz e aceptou que os liberais restablecesen a obra das Cortes de Cádiz, como a supresión dos señoríos, a eliminación da Inquisición, etc. Mentres tanto, Fernando VII lograba a axuda das potencias absolutistas da Santa Alianza. Esta enviou en 1823 un exército francés, os chamados «Cen Mil Fillos de San Luís», que invadiu España e permitiulle ao rei restablecer o absolutismo.
- A **Década Ominosa** (1823-1833). Iniciouse coa represión dos liberais. A situación cambiou en 1830, con motivo do problema sucesorio, pois ao nacer a súa filla Isabel, Fernando VII derogou a Lei Sálica que lles impedía herdar o trono ás mulleres. Don Carlos, irmán de Fernando VII e ata entón o seu sucesor, non a aceptou e recibiu o apoio dos absolutistas, o que obrigou a María Cristina, esposa de Fernando VII, a apoiarse nos liberais.

4.2 A independencia da América española

Nos últimos anos do reinado de Fernando VII produciuse a independencia das colonias españolas en América. O proceso foi promovido polos crioulos, descontentos pola súa marxinación política, polos fortes impostos que pagaban e pola súa discriminación social respecto aos peninsulares. E viuse impulsado pola difusión das ideas liberais e revolucionarias europeas, e pola axuda militar dos Estados Unidos e do Reino Unido. Levouse a cabo en dúas **etapas**:

- A **primeira etapa (1810-1814)** coincidiu coa guerra da Independencia, durante a cal se formaron xuntas revolucionarias dirixidas polos crioulos. Estas mostraron pronto tendencias independentistas, encabezadas por **Simón Bolívar** e **José de San Martín**; pero foron reprimidas tras o regreso de Fernando VII a España.
- A **segunda etapa (1815-1825)** sucedeu no reinado de Fernando VII, que rexeitou concederlles certa autonomía ás colonias. Grazas ao apoio británico e estadounidense, España foi derrotada en **Pichincha** (1822) e **Ayacucho** (1824), e o seu imperio colonial quedou reducido a Cuba e Puerto Rico, en América; e a Filipinas, en Asia.

As novas repúblicas xurdidas tras a independencia non lograron unirse, e quedaron en mans de xefes militares.

O último rei absolutista



Tras o seu regreso a España un grupo de 69 deputados absolutistas dirixiulle ao rei un manifesto pedíndolle a restauración do absolutismo. Este manifesto animou o monarca a derrogar a Constitución de 1812 e a súa obra.

(...) Declaro que o meu Real ánimo é non soamente non xurar nin acceder á devandita Constitución nin a Decreto ningún das Cortes xerais e extraordinarias e das ordinarias actualmente abertas, (...) senón o de declarar aquela Constitución e tales decretos nulos, de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non pasasen xamais tales actos e se quitasen do medio do tempo, e sen obriga nos meus pobos e súbditos de calquera clase de condición a cumprilos nin a gardalos.

Decreto rexio do 4 de maio de 1814.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar mapas


- 1 Define os seguintes termos: *pronunciamento*, *crioulo*, *Cen Mil Fillos de San Luís*, *Lei Sálica*.

Utilizar a cronoloxía

- 2 Data os seguintes acontecementos e sitúaos nunha etapa do reinado de Fernando VII: a) derogación da Lei Sálica; b) abolición da obra das Cortes de Cádiz; c) formación de xuntas revolucionarias na América española; d) restablecemento da Constitución de Cádiz.

As revolucións liberais en España e Iberoamérica

A Revolución de 1820 en España



A **insurrección liberal** estendeuse por amplas zonas do país, converténdose nunha **revolución** encadrada dentro da onda revolucionaria liberal europea de 1820.

O **1 de xaneiro de 1820**, o comandante Rafael de **Riego** realizou un pronunciamento militar e emitiu un **bando** restablecendo a Constitución de 1812.

Bando de Riego

«As ordes dun rei ingrato que asfixiaba o seu pobo con onerosos impostos, intentaba ademais levar miles de mozos a unha guerra estéril, sumindo na miseria e no loito as súas familias. Ante esta situación resolvín negar obediencia a esa inicua orde e declarar a Constitución de 1812 como válida para salvar a Patria e para tranquilizar os nosos irmáns de América e facer felices os nosos compatriotas.

Viva a Constitución!.

A independencia das colonias americanas



Declaración de independencia de Venezuela

«Nós, os representantes das provincias unidas de Caracas, Cumaná, Margarita, Barcelona, Mérida e Trujillo, que forman a Confederación Americana de Venezuela no continente meridional, e considerando a plena e absoluta posesión de nosos dereitos (...): queremos, antes de usar dos dereitos de que nos tivo privados a forza por máis de tres séculos, e restituíunos a orde política dos acontecementos humanos, patentizar ao Universo as razóns, que emanaron destes».

Organizar información

- Realiza un esquema sobre a independencia da América española. Debe incluír causas, etapas e consecuencias.

Manexar mapas

- Fíxate no mapa da Revolución de 1820 en España e escribe un texto coa información histórica que proporciona.
- Observa o mapa da independencia das colonias americanas e contesta estas preguntas: a) Que xenerais lideraron a independencia das colonias? b) Cales foron as batallas máis importantes? En que países tiveron lugar?

A modernización económica (I). A poboación e a agricultura

3.1 O crecemento demográfico

Entre 1788 e 1874 a poboación española creceu con moderación, pasando de 10,5 a 16,5 millóns. As causas foron as melloras na alimentación, pola difusión do cultivo de millo e pataca e a extensión dos cereais; e os avances dunha incipiente medicina preventiva.

A maioría da poboación concentrábase na periferia peninsular e vivía no campo. A migración máis destacada do período foi o **éxodo rural** cara ás novas capitais provinciais e aquelas cidades de Cataluña, o País Vasco e Madrid que implantaron industrias modernas. Como consecuencia, creceu a poboación urbana.

3.2 As transformacións agrarias

Abolición do réxime señorial

As Cortes de Cádiz decretaron en 1811 que os **señoríos xurisdiccionais**, nos que o señor desempeñaba funcións públicas, como a administración de xustiza, pasasen ao Estado. E que os **señoríos territoriais**, nos que o señor obtiña recursos económicos da terra, pasasen a propiedade particular, normalmente das grandes familias que os explotaran durante séculos.

Desamortización

As liberais decretaron a desamortización ou venda dos bens amortizados, é dicir, vinculados a certas institucións como a nobreza, o clero, e os municipios, que ata entón non podían venderse.

As primeiras **medidas desamortizadoras** aprobáronse nas Cortes de Cádiz e no Trienio Liberal; pero o proceso recibiu o seu impulso definitivo durante o reinado de Isabel II. Para iso, en sucesivas leis, o Estado confiscou e vendeu en poxa os bens do clero e **aboliu os morgados** da nobreza (**desamortización de Mendizábal**, 1836-1837); e decretou a venda das **terras comunais**, dos **bens de propios** dos concellos e de todos os demais bens amortizados ou de «mans mortas» (**desamortización xeral de Madoz**, 1855).


Os **obxectivos** destas leis eran obter **recursos** para o Estado e facilitar o **acceso** do campesiñado á propiedade da terra. Pero os **resultados** non foron os esperados. O sistema de venda por poxa beneficiou a nobreza e a burguesía, que crearon grandes latifundios; e **prexudicou** aos pequenos propietarios, que non puideron comprar terras e se arruínaron tras a venda das terras municipais. Tamén resultaron **prexudicados** os arrendatarios e os xornaleiros, xa que os novos propietarios endureceron as súas condicións de traballo.

Melloras agrarias


Consistiron nun **aumento** da superficie cultivada, sobre todo de cereais e de vide; unha lenta introdución de adiantos técnicos, como uso de **fertilizantes** e de **máquinas**; e a **extensión** do regadío, mediante a **construción** de presas e canles.

A poboación

Evolución




Distribución



A poboación concentrábase nas zonas de relevo chaira, baixa altitude, clima cálido e proximidade ao mar, como a costa levantina e os vales atlánticos; e nas zonas de maior prosperidade económica, como Cataluña, o País Vasco e Madrid.

As medidas desamortizadoras e o seu impacto

A desamortización de Mendizábal




O decreto que vou ter a honra de someter á augusta aprobación de V. M. sobre a venda deses bens..., ha de producir o beneficio de minorar a forte suma da débeda pública..., (e) crear unha copiosa familia de propietarios, cuxos gozos e cuxa existencia se apoién principalmente no triunfo completo das nosas actuais institucións.

Artigo 1.º Quedan declarados en venda desde agora todos os bens raíces de calquera clase que pertencen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas, e os demais que fosen adxudicados á nación por calquera título ou motivo, e tamén todos os que en diante o foren desde o acto da súa adxudicación.

Artigo 2.º exceptúanse desta medida xeral os edificios que o goberno destine para o servizo público ou para conservar monumentos das artes ou para honrar a memoria de fazañas nacionais...

En El Pardo, a 19 de febreiro de 1836.

A desamortización de Madoz



Artigo 1. Decláranse en estado de venda... todos os predios rústicos e urbanos; censos e foros pertencentes: 1. Ao Estado; 2. Ao clero; 3. Ás ordes militares... 6. Aos propios e comúns das vilas;... 9. E calquera outros pertencentes a mans mortas...

Artigo 3. Procederase á alienación de todos e cada un dos bens mandados vender por esta lei, sacando a pública licitación os terreos; verificándose as vendas coa maior división posible dos terreos...

Artigo 6. Os compradores dos terreos ou sortes quedan obrigados ao pagamento en metálico da suma.

Artigo 12. Os fondos que se recaden a consecuencia das vendas realizadas en virtude da presente lei... destínanse aos obxectos seguintes: a que o Goberno cubra o déficit do presuposto do Estado. (...) á amortización da Débeda pública. (...) (e) a obras públicas de interese e utilidade xeral...

Aranjuez, maio de mil oitocentos cincuenta e cinco.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar conceptos

- 1 Consulta o vocabulario final e define todos os termos subliñados no texto.

Manexar gráficos e mapas

- 2 Responde a partir da análise do gráfico e do mapa da páxina anterior:
 - a) En canto se incrementou a poboación española entre 1788 e 1874?
 - b) Que porcentaxe representaba esta cantidade?
 - c) Onde se localizaban as provincias con maior densidade de poboación? E as de densidade máis baixa?

Expoñer argumentos

- 3 Cal é a diferenza existente entre un ben amortizado e un privado?

Establecer relacións

- 4 Observa os mapas e le os textos superiores. A continuación, resolve estas cuestións: a) Que tipo de bens se desamortizaron en 1836 e en 1855? b) A que se destinaba o diñeiro obtido? c) Que sistema de venda se adoptou? Copia a frase do texto onde se indica. d) Cal foi a provincia española onde alcanzou máis valor a desamortización? e) Cales foron as medidas adoptadas polos novos propietarios para sacar maiores beneficios da súa terra?

8.1 Os grupos sociais

No século XIX, a sociedade estamental do Antigo Réxime foi substituída por unha nova sociedade de clases baseada no poder económico de cada individuo.

Como consecuencia, os grupos sociais incluíronse en tres clases, segundo a súa riqueza.

– A **clase alta** era un grupo reducido que comprendía á antiga nobreza e á burguesía.

• A **antiga nobreza** terratenente perdeu os seus privilexios. Pero consolidou a súa riqueza ao lograr a propiedade privada dos señoríos e aumentalos coa compra de terra desamortizada.

• A **burguesía** era pouco numerosa, pero incrementou o seu poder. Nuns casos estivo vinculada á industria (Cataluña, País Vasco); e noutros, ás actividades comerciais e agrarias (Andalucía, Valencia, etc.). Unha parte intentou imitar o modo de vida da nobreza, investindo en terra desamortizada ou tratando de ennobrecerse con enlaces matrimoniais.

– A **clase media** non foi numerosa. No campo comprendía os medianos propietarios agrarios; e nas cidades, a funcionarios, oficiais do Exército, profesionais liberais (médicos, avogados, notarios), propietarios de talleres artesanais e pequenos comerciantes.

– A **clase baixa** incluía, no campo, os pequenos propietarios, arrendatarios e xornaleiros; e nas cidades, os empregados, asalariados e obreiros das fábricas, que constituían un nacente e aínda escaso proletariado industrial.

8.2 Conflitos sociais e movemento obreiro

Os **conflitos sociais** debéronse ás malas condicións de vida dos grupos máis desfavorecidos. Os **xornaleiros** agrarios padecían baixos salarios e paro estacional, polo que promoveron numerosas revoltas duramente reprimidas. Pola súa banda, os **obreiros** industriais sufrían longas xornadas laborais, baixos salarios, falta de seguros, explotación de mulleres e nenos, e penosas condicións de vida.

A nobreza



A burguesía



AVANZA EN COMPETENCIAS

Comprender o tempo histórico

1 Le o texto, analiza as imaxes e contesta:

«Metidos en cortes onde impera unha severa disciplina, parecemos un rabaño de escravos suxeitos á vara do señor. Colocados xunto ás máquinas, somos servidores destas. Desde as cinco da mañá ata as sete e media da tarde sempre facemos o mesmo».

Escrito dun obreiro (26 de xuño de 1856).

- a) Cales eran os grupos sociais con maior descontento? b) Cales eran as causas da súa situación? c) Que fixeron para melloralas?

A sociedade clasista e os seus conflitos

Os pequenos comerciantes



A loita obreira



O campesiñado



A **nobreza (1)** desapareceu como categoría nos censos oficiais. Pero, a diferenza doutros países europeos, mantivo a súa riqueza económica.

A **burguesía (2)** converteuse na clase ascendente, aínda que en España non tivo a importancia doutros países.

A **clase media** foi escasa, destacando nas cidades algúns profesionais liberais, propietarios de talleres artesanais e pequenos comerciantes (3).

As clases populares incluíron o **campesiñado (4)**, na súa maioría xornaleiros e arrendatarios, e as **persoas que traballaban nas fábricas**.

As precarias condicións de vida conduciron os campesiños a protagonizar **revoltas** como a do Arahall en 1857, a de Loja en 1861, etc. (5), e os obreiros a **atacar as fábricas** e destruír máquinas.

Despois, o movemento obreiro vinculouse á Primeira Internacional.

O **movemento obreiro** xurdiu para facerlles fronte a estes problemas.

- Nos seus **inicios** tivo un **carácter reivindicativo**, e manifestouse en destrucións espontáneas de máquinas. Foi o caso de Alcoy, en 1821; e de Barcelona, en 1835. Tamén se crearon **asociacións obreiras** para reivindicar melloras laborais, pero apenas tiveron importancia ata o Sexenio Revolucionario.
- **A partir de 1868** difundíronse as ideoloxías presentes na Primeira Internacional: sobre todo o **anarquismo**, co napolitano Giuseppe Fanelli; e, en menor medida, o **socialismo marxista**, con Paul Lafargue. En 1870 fundouse a **Federación Rexional Española (FRE)**, integrada na **Asociación Internacional de Traballadores**. (AIT)

Utilizar textos escritos

- 2 Redacta un texto breve dando resposta a estas preguntas:
 - a) En que se distinguían a burguesía e o proletariado de España dos do resto de Europa?
 - b) Cales eran os motivos destas diferenzas?

A cultura e a arte.

O Romanticismo e o Realismo

9.1 O Romanticismo

A corrente romántica foi dominante en España ata finais do reinado de Isabel II.

- A **arquitectura** adoptou o **historicismo**, un estilo inspirado nos trazos arquitectónicos do pasado.

Así se realizaron numerosos edificios en estilo neorrománico (basílica asturiana de Covadonga), neogótico (catedral de Castelló), neomudéjar (edificio de Correos de Zaragoza), ou clasicista (Congreso dos Deputados de Madrid, Liceo de Barcelona).

Moitos deles foron edificios civís, como mercados, concellos, bancos, bolsas, teatros, museos, etc.

A nova **arquitectura do ferro e do cristal**, relacionada coa Revolución Industrial, empregouse en edificios funcionais. Entre eles:


- **Estacións de ferrocarril**, como a estación de Atocha en Madrid (1851) e a estación do Norte en Barcelona (1862).
- **Pontes**, como a de Triana en Sevilla (1852), realizada en ferro fundido sobre o Guadalquivir, ou a ponte colgante de Valladolid sobre o río Pisuerga (1865).
- A **escultura** tivo escaso desenvolvemento en España. As súas realizacións máis habituais foron principalmente os retratos e os monumentos urbanos, que en moitos casos se dedicaban a personaxes destacables da época.

Entre os escultores máis representativos encóntranse:

- **José Gragera**, autor do monumento a Juan Álvarez Mendizábal.
- **Ricardo Bellver**, cuxo *Anxo caído* é a única estatua do mundo dedicada ao demo.
- A **pintura** concedeulles grande importancia a cuestións como a cor, a luz e o movemento. A corrente deu lugar a cadros de temática variada.
- **Leonardo Alenza** e **Eugenio Lucas Velázquez** cultivaron temas trágicos, satíricos e costumistas, nos que se acentuaba o pintoresco e o típico.
- **Jenaro Pérez Villaamil** realizaba, sobre todo, pintura de paisaxes.
- Y **Federico Madrazo** destacou no xénero histórico e nos retratos.

A corrente romántica

Arquitectura de ferro e cristal



Ponte de Triana, Sevilla.

Escultura



Escultura do Anxo caído, de Ricardo Bellver.

Pintura



Sermón das máscaras, Eugenio Lucas Velázquez.

9.2 A pintura realista


Na segunda metade do século XIX impúxose a tendencia realista, que se centrou no chamado **Realismo histórico** ou pintura de historia, moi demandada polas institucións e nos concursos pictóricos.

En xeral, son cadros de gran tamaño e cores sobrias, nos que se lle concede grande importancia ao detalle e á verosimilitude da representación. Os temas representan acontecementos do pasado, sobre todo medievais ou do imperio español; ou feitos contemporáneos, como os sucedidos na guerra da Independencia, onde son frecuentes os retratos.

Os pintores máis destacados foron **Mariano Fortuny**, con *A batalla de Tetuán*; **Casado del Alisal**, autor de *A rendición de Bailén*; **Antonio Gisbert**, cuxa obra máis coñecida é *O fusilamento de Torrijos*, e **Eduardo Rosales**, con *O testamento de Isabel la Católica*.

No apartado «Aplica as competencias» tes a proba: O soño de ser rico: A lotería.

O Realismo. A pintura de historia



1. *Presentación de Don Juan de Austria ao emperador Carlos V en Yuste*, Eduardo Rosales.

2. *A rendición de Bailén*, José Casado del Alisal.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Establecer relacións

- 1 Relaciona as seguintes obras co seu autor. Despois, encádraas dentro do correspondente estilo do século XIX.

Obras	Autores
<i>O anxo caído</i>	Casado del Alisal
<i>O testamento de Isabel la Católica</i>	Ricardo Bellver
<i>Monumento a Juan Álvarez Mendizábal</i>	Eduardo Rosales
<i>A rendición de Bailén</i>	José Grajera

Coñecer a arte

- 2 Sinala as principais diferenzas entre a arquitectura historicista e a nova arquitectura.

Analizar estilos

- 3 Compara o estilo e os temas propios da pintura romántica e da pintura realista.

Utilizar aplicacións informáticas

- 4 Por grupos, elixide diferentes artistas da época e elaborade unha presentación en PowerPoint ou en Prezi sobre a súa vida e a súa obra. Pensade como expoñela oralmente na clase durante dez minutos.

10 Galicia no século XIX

10.1 A sociedade rural

- **Continuidade dos foros.** O sistema político liberal da España do século XIX propugnaba a propiedade plena da terra, pero as circunstancias particulares de Galicia impediron a súa aplicación e produciuse unha **continuidade dos contratos forais do Antigo Réxime**. A **fidalgúia**, que constituía o grupo hexemónico desta sociedade rural, **procurou** evitar calquera experiencia que transformase o sistema económico.
- **Desamortizacións.** Nas décadas centrais do século **privatizáronse moitos dos bens da Igrexa**, que viñan sendo explotados por campesiños que tiñan que soportar as cargas forais. Pero esta privatización non significou que estes campesiños se convertesen en propietarios. A miúdo eran **os mesmos intermediarios fidalgos** os que **compraban os bens** que xa viñan explotando como posuidores indirectos.
- **Emigración.** A mediados de século este mundo rural pouco desenvolvido e pouco produtivo entrou en crise. A terra era incapaz de abastecer toda a poboación e produciuse a **emigración** duns 400 000 galegos **cara a América**.

10.2 A transformación das cidades

A pesar de que a poboación era maioritariamente rural (90 % aproximadamente), a partir da segunda metade do século as cidades experimentaron un importante crecemento. As **burguesías foráneas** -cataláns, vascos, maragatos...- e **galegas**, **quitáronlles o protagonismo** aos fidalgos.

Este desenvolvemento foi especialmente notorio nas **ciudades portuarias**, nas que agromaron diversos proxectos empresariais, como as **compañías navais**, as modernas **conserveiras** e os **estaleiros**.

Todas as cidades galegas mudaron a súa fisionomía, derrubaron as velas murallas e construíron novos barrios burgueses, alamedas e estacións de ferrocarril. Neste contexto de renovación, **apareceron novas formas de ocio**, como os cafés ou as primeiras experiencias deportivas.

10.3 O movemento obreiro

A medida que se impuxo a burguesía nas cidades, medrou tamén o **proletariado**, que vivía en barrios insalubres e traballaba con pésimas condicións laborais (salarios baixos, xornadas prolongadas...).

Estas inxustizas sociais provocaron **a loita dos obreiros** contra a explotación laboral e a favor da construción dun proxecto socio-político alternativo. Dúas foron as tendencias ideolóxicas do movemento obreiro: o socialismo, hexemónico en Ferrol, e o anarquismo, con máis impulso na Coruña. En Vigo e nas Rías Baixas, o **socialismo** tivo máis aceptación entre os **traballadores en terra**, e o **anarquismo**, entre os mariñeiros.


Protagonistas do século XIX

Rosalía de Castro (1837-1885)



Rosalía de Castro é a principal figura do Rexurdimento, o movemento intelectual que nos anos cincuenta do século XIX reivindica o rexurdimento da cultura e da identidade galegas.

Pablo Iglesias (1850-1925)



O ferrolán Pablo Iglesias foi unha das figuras máis influentes no movemento obreiro español. Fundou o PSOE (1879) e a UGT (1888).

Os mártires de Carral (1846)



Monumento aos mártires de Carral, fusilados en 1846 por sublevarse contra as medidas do xeneral Narváez.

A transformación das cidades galegas

A Coruña no século XIX



No século XIX xurdiron na Coruña fábricas (tecidos, chocolate, cristal e tabacos), centros de estudos (instituto, náutica, artes e oficios, normal), xornais (Diario de La Coruña, La Voz de Galicia, El Noroeste), teatros (Coliseo e Principal), o alumeadado público de gas e moitas das grandes construcións da cidade (praza de María Pita, instituto Eusebio da Guarda, xardíns de Méndez Núñez, galerías da Mariña...).

10.4 O provincialismo e o rexionalismo

No século XIX nacen os primeiros movementos políticos galeguistas: o provincialismo, nos anos corenta, e o rexionalismo, a finais de século.

- O **provincialismo** xurdiu dun grupo de progresistas que comezaron a manifestar o seu descontento pola situación de atraso que vivía Galicia a pesar da súa importante riqueza natural. Ao mesmo tempo, comezaron a afirmar a identidade galega propia e rexeitaron a división provincial de 1833 que acabara co reino de Galicia e loitaron pola configuración dunha **provincia única**, de onde vén o nome de provincialismo.

En 1846, os provincialistas sumáronse a un pronunciamento dirixido polo militar progresista Miguel Solís. Pero finalmente o levantamento fracasou, doce oficiais foron fusilados (os chamados mártires de Carral) e os seus líderes Faraldo e Terrazo foron desterrados a Portugal.

- O **rexionalismo**, por unha banda, foi a consecuencia política do movemento de Rexurdimento cultural e, por outra banda, foi unha opción galeguista moderada fronte á tendencia republicana federal que se desenvolveu entre 1868 e 1874.

Os rexionalistas formaron diferentes correntes de pensamento (liberais, tradicionais, federalistas), pero todos eran partidarios dunha maior autonomía da rexión de Galicia dentro do Estado español e pretendían recuperar e preservar a súa identidade cultural e lingüística. A institución máis importante que crearon foi a Asociación Regionalista Gallega, en 1891, cuxo primeiro presidente foi Manuel Murguía.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Valorar a evolución histórica

- 1 Por que a fidalguía intentou evitar a transformación económica do mundo rural?

Utilizar textos escritos

- 2 En que consistían fundamentalmente as reivindicacións dos provincialistas e dos rexionalistas? Que pensamentos tiñan en común?

Producir produtos orixinais

- 3 Fai un breve resumo das características do Rexurdimento como movemento cultural e busca información sobre algúns dos seus protagonistas.

DESAFÍOS QUE DEIXAN PEGADA



APLICA

- 1 Define os seguintes feitos históricos. Indica tamén a súa cronoloxía, as súas causas e as súas consecuencias.
a) Revolución de Francia de 1830; b) Sexenio abso-
lutista; c) Batalla de Ayacucho.
- 2 Asigna cada unha destas frases a un grupo ideoló-
xico ou a un partido político: a) alta burguesía e al-
gúns sectores da clase media; b) defendía o sufraxio
universal masculino; c) incluían, sobre todo, funcio-
narios; d) querían independizarse da monarquía; e)
clases medias urbanas; f) defendían a nación como
marco fundamental da vida das persoas.

Grupo ideolóxico/partido político	Frase relacionada
Crioulos	
Nacionalistas	
Partido moderado	
Partido progresista	
Partido demócrata	
Partido republicano	

- 3 Ordena no tempo, de máis antigo a máis recente, estes
períodos históricos. Elixe tres, e cita a súa cronoloxía.
 - Década Moderada
 - Década Ominosa
 - Desamortización
 - Reinado de Isabel II
 - Bienio Progresista
 - Trienio Liberal
 - Reinado de Amadeo I
 - Primeira guerra carlista

REFLEXIONA E VALORA

Centrámonos en España e, despois de analizar o chamado Sexenio Revolucionario, comprobamos as consecuencias deste período. Reflexiona de xeito in-
dividual e comparte en grupo a valoración sobre as actividades implicadas. Para iso, descarga en anayaeducacion.es a rúbrica correspondente.

PON A PROBA AS TÚAS COMPETENCIAS

Comproba as túas competencias realizando a au-
toavaliación competencial. Poderás encontrala en anayaeducacion.es.

- 4 Por que foi importante o xurdimento do movemen-
to obreiro?



- 5 Elabora e completa un cadro resumo sobre a desa-
mortización. Debe incluír estas entradas:

Obxectivos	Leis desamortizadoras	Resultados

- 6 Fíxate nos cadros inferiores e comenta brevemente
as súas características.

